

RESOLUCION REITORAL 29/04/2022 SOBRE DELEGACION DAS COMPETENCIAS DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC

Por Resolución do 21 de abril de 2022 (DOG do 26), sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios figura no seu apartado III a delegación en favor da xefatura do Servizo de Xestión Académica.(artigo 14).

Tendo en conta que con efectos do 29 de xuño de 2021 a praza de xefe de servizo quedou vacante e que as súas funcións foron asumidas de forma provisoria polo vicesecretario xeral da USC mediante Resolución da Xerencia do 30 de xuño de 2021, procede que se dite a presente Resolución para que as funcións delegadas ao xefe de servizo de Xestión Académica sexan exercidas polo Vicesecretario Xeral en tanto se manteñan estas circunstancias.

Á vista do anterior, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.-

As competencias delegadas ao Xefe de Servizo de Xestión Académica mediante a Resolución Reitoral de 21 de abril de 2022 serán exercidas dende a data de efectos da citada Resolución polo Vicesecretario Xeral da USC polo tempo no que se manteña a asunción temporal de funcións deste posto.

Segundo.-

Nas resolucións que se diten en virtude desta resolución de delegación farase constar a Resolución de delegación e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Disposición derogatoria

Esta resolución derroga a de 30 de xuño de 2021 sobre delegación das competencias do servizo de xestión académica

Disposición final.-

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no Taboleiro de anuncios electrónico da USC.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
29/04/2022 15:04:52.

CSV: 3666-CAD6-491F-B1AA